

Correcta desde o punto de vista da forma, aínda que, se cadra, escasamente comovedora, esta novela breve que hoxe comentamos, *A Veiga é como un tempo distinto*, –da autoría de Eva Moreda (A Veiga, 1981) e a quen coñeciamos xa por títulos como *O demo e o profundo mar azul* (2003), *Singularis Domitilla* (2004) ou *Organoloxía* (2010)- vén presentar unha historia de emigrantes -de alleamento e identidade, de perdas e de cambios- ambientada na comunidade galega do Londres pre-psicodelia, un lugar cun ritmo de vida que ben pouco se asemellaba, desde logo, ao da esclerótica e chumbiza España desa mesma época; tan

Como un tempo distinto

Corrección que non comove

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

pouco coma un bobby lle semellaba a un garda civil ou a Sección Femenina á Women's Liberation. Nese Londres é onde Gelo, un camareiro duns corenta anos, procedente da Veiga, encóntrase de novo con Elisa, unha moza da aldea, vinte anos máis nova, coa que mantivera certa relación no pasado.

O seu relato, obsesivo monólogo emocional do que Elisa é inconsciente narrataria



e verdadeira protagonista, retrata o escenario social e, so-

bre todo, a metamorfose da rapaza, quen, a diferenza de Gelo -personaxe pasivo, inadaptado, carne de ghetto, para o que a emigración significa un exilio incómodo e transitorio- teima en afacerse e procura progresar nas novas circunstancias. A ela on lle importará mudar de nome e mais de lingua, e mesmo atopará en Londres a súa epifanía, convertida nunha activa impulsora dos dereitos da muller. A súa progresiva independencia contrasta coa parálise sentimental e moral do narrador, apegado a un tempo de medos conxelados.

MOREDA, Eva, A Veiga é como un tempo distinto, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP.16, 15€